

PACTO INTERNACIONAL SOBRE OS DIREITOS CIVIS E POLÍTICOS

Preámbulo

Os Estados-Signatários no presente Pacto;

Considerando que, de acordo con os principios enunciados na *Carta das Nacións Unidas*, a liberdade, a xustiza e a paz no mundo constituen o fundamento do recoñecimento da dignidade inerente a todos os membros da familia humana e dos seus dereitos iguais e inalienábeis;

Recoñecendo que estes dereitos derivan da dignidade inerente à persoa humana;

Recoñecendo que, de acordo con a *Declaración Universal dos Dereitos Humanos*, non se pode realizar o ideal do seres humanos libres, con plenas liberdades civis e políticas, libertos do terror e da miséria, a menos que se crie condicións que permitan a todas as persoas gozar dos seus dereitos civis e políticos, así como dos seus dereitos económicos, sociais e culturais;

Considerando que a *Carta das Nacións Unidas* impón aos Estados a obrigaçión de promover o respecto universal e efectivo dos dereitos humanos e as liberdades;

Comprendendo que o individuo, por ter deberes para con os outros individuos e a para con a comunidade a que pertence, ten a obrigaçión de se esforzar pola consecución e observancia dos dereitos recoñecidos neste Pacto;

Acordan nos seguintes artigos:

PARTE I

Artigo 1.º

Todos os povos teñen dereito à autodeterminación. En virtude deste dereito establecen libremente a súa condición política e, dese modo, providencian o seu desenvolvemento económico, social e cultural.

Para atinxiren os seus fins, todos os povos poden dispor libremente das súas riquezas e recursos naturais, sen prexuízo das obrigaçións que derivan da cooperación económica internacional baseada no principio de beneficio recíproco, así como do dereito internacional. En nengun caso poderá privar-se un povo dos seus propios medios de subsistencia.

Os Estados-Signatários no presente Pacto, incluíndo os que teñen a responsabilidade de administrar territorios non autónomos e territorios en fideicomiso, promoverán o exercicio do dereito à autodeterminación e respetarán este dereito en conformidade con as disposicións da *Carta das Nacións Unidas*.

PARTE II

Artigo 2.º

Cada un dos Estados-Signatários no presente Pacto compromete-se a respetar e a garantir a todos os individuos que se encontren no seu territorio e estexan suxeitos à súa xurisdición, os dereitos recoñecidos no presente Pacto, sen distinción algunha de raza, cor, sexo, lingua, relixión, opinión política ou de outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquer outra condición social.

Cada Estado-Signatário compromete-se a adoptar, de acordo con os seus procedimentos constitucionais e as disposicións do presente Pacto, as medidas oportunas para implementar as disposicións lexislativas ou de outro xénero que sexan necesarias para tornar efectivos os dereitos recoñecidos no presente Pacto e que non estexan aínda garantidos por disposicións lexislativas ou de outro xénero.

Cada un dos Estados-Signatários no presente Pacto compromete-se a garantir que:

- a) toda persoa cuxos dereitos ou liberdades recoñecidos no presente Pacto teñan sido violados terá medios efectivos de recurso, mesmo que esa violación teña sido cometida por persoas que actuaban no exercicio das súas funcións oficiais;
- b) A autoridade competente, xudicial, administrativa ou lexislativa, ou calquer outra autoridade competente prevista polo sistema legal do Estado, decidirá sobre os dereitos de todas as persoas que interpoñan ese recurso e analizará as posibilidades de recurso xudicial;
- c) As autoridades competentes darán seguimento a todos os recursos que teñan sido recoñecidos como xustificados.

Artigo 3.º

Os Estados-Signatários no presente Pacto comprometen-se a garantir a homes e mulleres a igualdade no gozo de todos os dereitos civís e políticos enunciados no presente Pacto.

Artigo 4.º

En situacións excepcionais de perigo para a nación, declaradas oficialmente, os Estados-Signatários do presente Pacto poderán adoptar disposicións, nos límites estritamente esixidos pola situación, que suspendan as obrigacións contraídas en virtude deste Pacto, sempre que tais disposicións non sexan incompatíbeis con as restantes obrigacións que lles impón o dereito

internacional e non conteñan nengunha discriminación fundamentada unicamente en motivos de raza, cor, sexo, lingua, relixión ou orixe social.

A disposición anterior non autoriza a suspensión dos Artigos 6º., 7º., 8º. (Parágrafos 1 e 2), 11º, 15º, 16º e 18º.

Calquer Estado-Signatario do presente Pacto que faga uso do dereito de suspensión deberá informar inmediatamente os restantes Estados-Signatarios no presente Pacto, por intermedio do Secretario-Xeral das Nacións Unidas, das disposicións cuxa aplicación teña suspendido e dos motivos que suscitaron a suspensión. Na data en que sexa dada por finalizada esa suspensión, farase unha nova comunicación polo mesmo medio.

Artigo 5.º

Nengunha disposición do presente Pacto poderá ser interpretada no sentido de conceder dereito a un Estado, grupo ou individuo a emprender actividades ou realizar actos que leven à violación de calquer dereito ou liberdade recoñecidos no Pacto ou à súa limitación en maior medida do que nel previsto.

Non poderá admitir-se restrición ou prexuízo de nengun dos dereitos humanos fundamentais recoñecidos ou vixentes nun Estado-Signatario en virtude de leis, convencións, regulamentos ou costumes, sob pretexto de que o presente Pacto non os recoñece ou os recoñece en menor grao.

PARTE III

Artigo 6.º

O dereito à vida é inerente à persoa humana. Este dereito está protexido por lei. Ninguén pode ser arbitrariamente privado da vida.

Nos países en que non teña sido abolida a pena capital, só pode ser imposta a pena de morte para os crimes mais graves, en conformidade con a lexislación en vigor no momento en que se cometeu o crime, e que non sexa contraria às disposicións do presente Pacto nen da *Convención para a prevención e punición do crime de xenocidio*. Esta pena só poderá ser aplicada en cumprimento de sentenza definitiva de un tribunal competente.

Cando a privación da vida constituir crime de xenocidio entende-se que nada do disposto neste artigo eximirá os Estados-Signatarios do cumprimento das obrigacións asumidas en virtude das disposicións da *Convención para a prevención e punición do crime de xenocidio*.

Toda persoa condenada à morte terá dereito a solicitar o indulto ou a comutación da pena. A amnistía, o indulto ou a comutación da pena capital poderán ser concedidos en todos os casos.

A pena de morte non poderá ser imposta por crimes cometidos por persoas con menos de 18 anos de idade nen se aplicará a mulleres grávidas.

Nengunha disposición deste artigo poderá ser invocada por un Estado-Signatario no presente Pacto para retardar ou impedir a abolición da pena capital.

Artigo 7.º

Ninguén poderá ser submetido a torturas, penas ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes. En particular, ninguén será submetido sen o seu libre consentimento a experiencias médicas ou científicas.

Artigo 8.º

Ninguén será mantido en escravatura. A escravatura e o tráfico de escravos están prohibidos sob todas as formas.

Ninguén pode ser submetido a servidume.

- a) Ninguén será constrañido a executar traballo forzado ou obrigatorio;
- b) A alínea anterior non poderá ser interpretada no sentido de prohibir, en países en que certos crimes poden ser punidos con pena de prisión acompañada de traballos forzados, o cumprimento de unha pena de traballos forzados imposta por un tribunal competente;
- c) Non será considerado traballo forzado ou obrigatorio para efectos deste parágrafo:
 - 1. os traballos ou servizos que, salvo os mencionados na alínea son normalmente esixidos a unha persoa presa en virtude de unha decisión xudicial legalmente aplicada, ou a unha persoa que tendo sido presa en virtude de tal decisión se encontre en liberdade condicional;
 - 2. o servizo de carácter militar e, nos países en que se admite a obxección de consciencia, o servizo cívico que deven prestar, conforme a lei, aqueles que se opoñan ao servizo militar por esta razón;
 - 3. o servizo imposto en casos de emerxencia ou calamidade que ameacen a vida ou o ben-estar da comunidade;
 - 4. o traballo ou servizo que faga parte das obrigacións cívicas normais.

Artigo 9.º

Todos os individuos teñen dereito à liberdade e à seguranza persoais. Ninguén poderá ser submetido a detención ou prisión arbitrarias. Ninguén poderá ser privado da súa liberdade, excepto polos motivos fixados por lei e de acordo con os procedimentos nela estabelecidos.

Todas as persoas detidas serán informadas, no momento da súa detención, das razóns da mesma, e notificadas, no mais breve prazo, da acusación contra elas formulada.

Todas as persoas detidas ou presas debido a unha infracción penal serán levadas, no mais breve prazo, perante un xuíz ou outro funcionario autorizado por lei para exercer funcións xudiciais, e terán dereito a ser xulgadas dentro de un prazo razoábel ou a ser postas en liberdade. A prisión preventiva non debe constituir regra xeral, contodo, a liberdade debe estar condicionada por garantías que aseguren a comparecencia do acusado no acto de xuízo ou en calquer outro momento das dilixencias procesuais, ou para a execución da sentenza.

Todas as persoas que sexan privadas de liberdade en virtude de detención ou prisión teñen dereito a recorrer a un tribunal, a fin de que este se pronuncie, con a brevidade posíbel, sobre a legalidade da súa prisión e ordene a súa liberdade se a prisión for ilegal.

Todas as persoas que teñan sido detidas ou presas ilegalmente teñen dereito a obter unha indemnización.

Artigo 10.º

Todas as persoas privadas de liberdade serán tratadas humanamente e con o respecto debido à dignidade inerente ao ser humano.

- a) Os preventivos estarán separados dos condenados, salvo en circunstancias excepcionais, e serán submetidos a un tratamento diferente, adecuado à súa condición de persoas non condenadas;
- b) Os preventivos menores estarán separados dos adultos e deberán ser levados a xulgamento nos tribunais de xustiza con a maior brevidade posíbel.

O rexime penitenciario terá como finalidade o melloramento e a readaptación social dos detidos. Os delincuentes menores estarán separados dos adultos e serán submetidos a un tratamento adecuado à súa idade e condición xurídica.

Artigo 11.º

Ninguén será encarcerado polo simple feito de non poder cumprir unha obrigaón contractual.

Artigo 12.º

Todas as persoas que se encontren legalmente no territorio de un Estado terán dereito de circular e residir libremente nese territorio.

Todas as persoas terán dereito de saír libremente de calquer país, inclusivamente do propio.

Os dereitos anteriormente mencionados non poderán ser obxecto de restricións, salvo cando estas estexan previstas na lei e sexan necesarias para protexer a seguranza nacional, a orde pública, a saúde ou a moral públicas, ben como os dereitos e liberdades de terceiros, que sexan compatíbeis con os restantes dereitos recoñecidos no presente Pacto.

Ninguén pode ser arbitrariamente privado do dereito de entrar no seu propio país.

Artigo 13.º

O estranxeiro que se encontre legalmente no territorio de un Estado-Signatario no presente Pacto, só poderá ser expulsado do mesmo en cumprimento de unha decisión conforme a lei; e, a menos que se apliquen razóns imperiosas de seguranza nacional, será-lle permitido expor as razóns que lle asisten contrárias à súa expulsión, así como submeter o seu caso a revisión perante a autoridade competente ou perante a persoa ou persoas especialmente designadas pola referida autoridade competente, facendo-se representar para ese efecto.

Artigo 14.º

Todas as persoas son iguais perante os tribunais. Todas as persoas terán dereito a ser ouvidas publicamente e con as devidas garantías por un tribunal competente, segundo a lei, independente e imparcial, na determinación dos fundamentos de calquer acusación de carácter penal contra elas formulada ou para a determinación dos seus dereitos ou obrigacións de carácter civil. A prensa e o público poderán ser excluídos da totalidade ou parte das sesións de xulgamento por motivos de orde moral, de orde pública ou de seguranza nacional nunha sociedade democrática, ou cando o esixa o interese da vida privada das partes ou, na medida estritamente necesaria en opinión do tribunal, cando por circunstancias especiais o aspecto da publicidade poda prexudicar os intereses da xustiza; porén, todas as sentenzas serán públicas, excepto nos casos en que o interese de menores de idade esixa o contrario, ou nas accións referentes a litixios matrimoniais ou tutela de menores.

Calquer persoa acusada de un delito ten dereito a que se presuma a súa inocencia até que se prove a súa culpa conforme a lei.

Durante o proceso, toda persoa acusada de un delito terá dereito, en plena igualdade, às seguintes garantías mínimas:

- a) a ser informada no mais curto prazo, en lingua que entenda e de forma detallada, da natureza e causas da acusación contra ela formulada;
- b) a dispor do tempo e dos medios adecuados para a preparación da súa defensa e a comunicar con un defensor de súa escolla;
- c) a ser xulgada sen adiamentos indevidos;
- d) a presentar-se en xulgamento e a defender-se persoalmente ou ser asistida por un defensor de súa escolla; a ser informada, se non tiver defensor, do dereito que lle asiste a té-lo e, sempre que o interese da xustiza o esixa, a que sexa nomeado un defensor de oficio, gratuitamente, se carecer de medios suficientes para o remunerar;
- e) a interrogar ou facer interrogar as testemuñas de acusación e a obter a comparéncia das testemuñas de defensa e que estas sexan interrogadas nas mesmas condicións que as testemuñas de acusación;

- f) a ser asistida gratuitamente por un intérprete, se non comprender ou non falar a lingua usada no tribunal;
- g) a non ser obrigada a prestar declaracións contra si propia nen a confesar-se culpábel.

Nunha acción xudicial aplicada a menores de idade para efectos penais há se ter en conta a súa condición e a importancia de estimular a súa readaptación social.

Toda persoa declarada culpada de un delito terá dereito a que a sentenza e a pena que lle foran impostas sexan submetidas a un tribunal superior, conforme o previsto na lei.

Cando unha sentenza condenatoria definitiva teña sido posteriormente revogada, ou a persoa condenada teña sido indultada por se ter producido ou descuberto un feito plenamente probatorio de se ter cometido un erro xudicial, a persoa que teña sofrido unha pena como resultado desa sentenza deberá ser indemnizada, conforme previsto na lei, a menos que se demonstre que lle sexa imputábel, na totalidade ou en parte, non se ter revelado, en tempo útil, o feito descoñecido.

Nengunha persoa pode ser xulgada nen punida por un delito polo cal teña xa sido condenada ou absolvida por unha sentenza definitiva, de acordo con a lei e o procedemento penal de cada país.

Artigo 15.º

Nengunha persoa será condenada por accións ou omisións que, no momento en que foran cometidos, non constituían delitos segundo o dereito nacional ou internacional. Igualmente non poderá ser imposta unha pena mais grave do que a aplicábel no momento en que o delito foi cometido. Se, posteriormente, a lei determinar a aplicación de un rexime mais favorábel, a infractora beneficiará consecuentemente.

O disposto no presente artigo non invalida a sentenza ou a pena atribuída por accións ou omisións que, no momento en que foran cometidos, constituían delitos segundo os principios xerais de dereito recoñecidos pola comunidade internacional.

Artigo 16.º

Todo ser humano ten dereito ao recoñecimento en todos os lugares da súa personalidade xurídica.

Artigo 17.º

Ninguén será obxecto de inxerencias arbitrarias ou ilegais na súa vida privada, na súa familia, no seu domicilio ou na súa correspondencia, nen de ataques ilegais à súa honra e reputación.

Todas as persoas teñen dereito a protección da lei contra esas inxerencias ou eses ataques.

Artigo 18.º

Todas as persoas teñen dereito à liberdade de pensamento, de consciencia e de relixión; este dereito incluí a liberdade de ter ou de adoptar a relixión ou as crenzas de súa escolla, así como a liberdade de manifestar a súa relixión ou as súas crenzas, individual ou colectivamente, tanto en público como en privado, mediante o culto, a celebración dos ritos, a práctica e o ensino.

Ninguén será obxecto de medidas coercitivas que podan prexudicar a súa liberdade de ter ou de adoptar a relixión ou as crenzas da súa escolla.

A liberdade de manifestar a súa relixión ou as súas crenzas só pode ser obxecto de restricións que, estando previstas na lei, sexan necesarias para a protección da seguranza, da orde, da saúde e da moral públicas, ou para a protección dos dereitos e liberdades fundamentais de outrén.

Os Estados-Signatarios no presente Pacto comprometen-se a respectar a liberdade dos proxenitores e dos tutores legais, se for o caso, de modo a garantir que os fillos receban unha educación relixiosa e moral que estexa de acordo con as súas propias conviccións.

Artigo 19.º

Nengunha persoa pode ser discriminada por causa das súas opinións.

Todas as persoas teñen dereito à liberdade de expresión; este dereito comprende a liberdade de procurar, recibir e divulgar informacións e ideas de toda índole sen consideración de fronteiras, sexa oralmente, por escrito, de forma impresa ou artística, ou por calquer outro proceso que escolleren.

O exercicio do dereito previsto no Parágrafo 2 deste artigo implica deberes e responsabilidades especiais. Por conseguinte, pode estar suxeito a certas restricións, expresamente previstas na lei, e que sexan necesarias para:

- a) Asegurar o respecto polos dereitos e a reputación de outrén;
- b) A protección da seguranza nacional, a orde pública ou a saúde ou a moral públicas.

Artigo 20.º

Toda propaganda a favor da guerra estará prohibida por lei.

Toda apoloxía ao ódio nacional, racial ou relixioso que constitúa incitación à discriminación, à hostilidade ou à violència estará prohibida por lei.

Artigo 21.º

Recoñece-se o dereito de reunión pacífica. O exercicio deste dereito só pode ser obxecto de restricións, previstas na lei, necesarias nunha sociedade democrática, no interese da seguranza nacional, da seguranza pública ou da orde pública ou para protexer a saúde e a moral públicas ou os dereitos e liberdades de outrén.

Artigo 22.º

Todas as persoas teñen dereito a asociar-se libremente con outras, incluíndo o dereito de fundar sindicatos e filiar-se neles para protección dos seus intereses.

O exercicio deste dereito só pode ser obxecto de restricións, previstas na lei, necesarias nunha sociedade democrática, no interese da seguranza nacional, da seguranza pública ou da orde pública ou para protexer a saúde e a moral públicas ou os dereitos e liberdades de outrén. O presente artigo non impedirá que sexan impostas restricións legais ao exercicio deste dereito cando se tratar de membros das forzas armadas e da policía.

Nengunha disposición deste artigo autoriza que os Estados-Signatarios na *Convención da Organización Internacional do Traballo de 1948*, relativa à liberdade sindical e à protección do dereito de sindicalización, adopten medidas lexislativas que podan prexudicar as garantías nela previstas nen a aplicar a lei de maneira que poda prexudicar esas garantías.

Artigo 23.º

A familia é o elemento natural e fundamental da sociedade e ten dereito à protección da sociedade e do Estado.

Recoñece-se o dereito do home e da muller de contrair matrimonio e constituir familia, a partir da idade núbil.

O casamento non pode celebrar-se sen o libre e pleno consentimento dos futuros cónxuxes.

Os Estados-Signatarios no presente Pacto tomarán as medidas adecuadas para asegurar a igualdade de dereitos e de responsabilidades da muller e o home canto ao casamento, durante o casamento e en caso de disolución. No caso de disolución, serán adoptadas disposicións que aseguren a protección necesaria aos fillos.

Artigo 24.º

Todas as crianzas teñen dereito, sen discriminación algunha por motivos de raza, cor, sexo, lingua, relixión, orixe nacional ou social, posición económica ou nacemento, às medidas de protección que a súa condición de menor esixe, tanto por parte da súa familia como da sociedade e do Estado.

Toda as crianzas serán rexistadas inmediatamente despois do seu nacemento e deberán ter un nome.

Todas as crianzas teñen dereito a adquirir unha nacionalidade.

Artigo 25.º

Todos os cidadáns gozarán, sen nengunha das distincións mencionadas no artigo 2.º, e sen restricións indevidas, dos seguintes dereitos e oportunidades:

- a) participar na dirección dos asuntos públicos, quer directamente, quer por intermedio de representantes libremente eleitos;
- b) votar e ser eleito en eleccións periódicas, auténticas, realizadas por sufraxio universal, por voto secreto que garanta a libre expresión da vontade dos eleitores;
- c) ter acceso, en condicións xerais de igualdade, ás funcións públicas do seu país.

Artigo 26.º

Todas as persoas son iguais perante a lei e teñen dereito, sen discriminación, a igual protección da lei. A este respecto, a lei prohibirá toda discriminación e garantirá a todas as persoas protección igual e efectiva contra calquer discriminación por motivos de raza, cor, sexo, lingua, relixión, opinións políticas ou outras, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquer outra condición social.

Artigo 27.º

Nos Estados en que existan minorías étnicas, relixiosas ou lingüísticas, non será negado o dereito que asiste ás persoas que pertencen a esas minorías, en conxunto con os restantes membros do seu grupo, a ter a súa propia vida cultural, a profesar e practicar a súa propia relixión e a utilizar a súa propia lingua.

PARTE IV

Artigo 28.º

Será creado un Comité de Dereitos Humanos (a seguir denominado o Comité), composto por dezaoito membros, que desempeñará as funcións que se indican adiante.

O Comité será composto de nacionais dos Estados-Signatarios no presente Pacto, que deberán ser persoas de grande integridade moral con recoñecida competencia en materia de dereitos humanos. Será tomada en consideración a utilidade da participación de algunhas persoas que teñan experiencia xurídica.

Os membros do Comité serán eleitos e exercerán as súas funcións a título persoal.

Artigo 29.º

Os membros do Comité serán eleitos entre persoas que reúnan as condicións previstas no artigo 28.º, propostas para o efecto polos Estados-Signatários no presente Pacto por votación secreta.

Cada Estado-Signatário no presente Pacto poderá propor até dúas persoas. Estas persoas serán nacionais dos Estados proponentes.

A mesma persoa pode ser proposta mais de unha vez.

Artigo 30.º

A primeira elección realizará-se, o mais tardar, seis meses despois da data de entrada en vigor do presente Pacto.

Polo menos catro meses antes da data da elección do Comité, sempre que non se trate de unha elección para cubrir unha vacante declarada en conformidade con o artigo 34., o Secretario-Xeral das Nacións Unidas convidará, por escrito, os Estados-Signatários no presente Pacto a presentaren os seus candidatos para o Comité no prazo de tres meses.

O Secretario-Xeral das Nacións Unidas elaborará unha lista por orde alfabética dos candidatos que teñan sido presentados, con a indicación dos Estados-Signatários que os designaran e transmitirá esta lista aos Estados-Signatários no presente Pacto o mais tardar un mes antes da data de cada elección.

A elección dos membros do Comité será efectuada nunha reunión dos Estados-Signatários convocada polo Secretario-Xeral das Nacións Unidas na Sede da Organización. Nesa reunión, para a cal o *quorum* estará constituído por dous terzos dos Estados-Signatários, serán eleitos membros do Comité, os candidatos que obteñan o maior número de votos e a maioría absoluta dos votos dos representantes dos Estados-Signatários presentes e votantes.

Artigo 31.º

O Comité non poderá integrar mais de un nacional de un mesmo Estado.

Na elección do Comité haberá de ter-se en conta unha distribución xeográfica equitativa das membros, da representación das diferentes formas de civilización e dos principais sistemas xurídicos.

Artigo 32.º

Os membros do Comité son eleitos por un período de catro anos. Poderán ser reeleitos se for apresentada de novo a súa candidatura. Contodo, os mandatos de nove dos membros eleitos na primeira elección expiran ao fin de dous anos. Imediatamente despois da primeira elección, o Presidente da reunión mencionada no Parágrafo 4 do Artigo 30º designará, por sorteo, os nomes destes nove membros.

As eleccións, que se realizan cando terminar o mandato, serán efectuadas de acordo con os artigos anteriores desta parte do presente Pacto.

Artigo 33.º

Se os restantes membros decidiren por unanimidade que un membro do Comité deixou de desempeñar as súas funcións por outra razón que non sexa a de ausencia temporánea, o Presidente do Comité notificará o feito ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas, que declarará vago o posto do referido membro.

En caso de morte ou renuncia de un membro do Comité, o Presidente notificará inmediatamente o Secretario-Xeral das Nacións Unidas, que declarará vago o posto, desde a data do falecemento ou desde a data en que a renuncia sexa efectiva.

Artigo 34.º

Se for declarada unha vacante en conformidade con o Artigo 33.º e se o mandato do membro que vai ser substituído non expirar dentro dos seis meses posteriores à declaración da referida vacante, o Secretario-Xeral das Nacións Unidas notificará cada un dos Estados-Signatarios no presente Pacto, os cais, para cubrir a vacante, poderán apresentar candidatos no prazo de dous meses, de acordo con o disposto no Parágrafo 2 do Artigo 29º.

O Secretario-Xeral das Nacións Unidas elaborará unha lista por orde alfabética dos candidatos así designados e transmitirá esa lista aos Estados-Signatarios no presente Pacto. A elección para cubrir a vacante terá lugar en conformidade con as disposicións pertinentes desta parte do presente Pacto.

A persoa que teña sido eleita para cubrir unha vacante, declarada en conformidade con o Artigo 33.º, ocupará o cargo até ao termo do mandato do membro que deixa o posto vago no Comité conforme o disposto neste artigo.

Artigo 35.º

Os membros do Comité, mediante previa aprobación da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, recibirán emolumentos dos fondos das Nacións Unidas, da forma e nas condicións que a Asemblea Xeral determinar, tendo en conta a importancia das funcións do Comité.

Artigo 36.º

O Secretario-Xeral das Nacións Unidas proporcionará os medios humanos e os servizos necesarios para o desempeño eficaz das funcións do Comité en virtude do presente Pacto.

Artigo 37.º

O Secretario-Xeral das Nacións Unidas convocará a primeira reunión do Comité na sede das Nacións Unidas.

Despois da súa primeira reunión, o Comité reunirá-se, como previsto no seu regulamento.

O Comité reunirá-se normalmente na sede das Nacións Unidas ou nas instalacións das Nacións Unidas en Xenebra.

Artigo 38.º

Antes de entraren en funcións, os membros do Comité declarararán solenemente en sesión pública do Comité que desempeñarán o que lles foi cometido con toda a imparcialidade e consciencia.

Artigo 39.º

O Comité elegerá a súa Mesa por un período de dous anos. Os membros da Mesa poderán ser reeleitos.

O Comité elaborará o seu propio regulamento, no cal constará, entre outras disposicións, que:

- a) Doce membros constituirán *quorum*;
- b) As decisións do Comité serán tomadas por maioría de votos dos membros presentes.

Artigo 40.º

Os Estados-Signatarios no presente Pacto comprometen-se a presentar relatórios sobre as disposicións que teñan adoptado e que tornen efectivos os dereitos recoñecidos no Pacto e sobre a evolución realizada no que se refere ao gozo deses dereitos:

- a) No prazo de un ano a contar da data de entrada en vigor do presente Pacto no que di respecto aos Estados-Signatarios interesados;
- b) Seguidamente, cada vez que o Comité o solicite.

Todos os relatórios serán presentados ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas que os transmitirá ao Comité para análise. Os relatórios indicarán os factores e dificultades, se os houver, que afectan a aplicación do presente Pacto.

O Secretario-Xeral das Nacións Unidas, após consulta ao Comité, poderá transmitir aos organismos especializados interesados, cópias dos extractos dos relatórios que sexan da súa competencia.

O Comité estudará os relatórios presentados polos Estados-Signatarios no presente Pacto. Transmitirá os relatórios e comentarios xerais que considere oportunos aos Estados-Signatarios. O Comité poderá tamén transmitir ao Consello Económico e Social eses comentarios, xuntamente con cópia dos relatórios que teña recibido dos Estados-Signatarios no Pacto.

Os Estados-Signatários poderán presentar ao Comité observacións sobre calquer comentáριο efectuado de acordo con o Parágrafo 4 do presente Artigo.

Artigo 41.º

1 - De acordo con o presente Artigo, todo Estado-Signatário no presente Pacto poderá declarar en calquer momento que recoñece a competencia do Comité para recibir e analizar as comunicacións en que un Estado alegue que outro Estado-Signatário non cumpre as obrigacións que lle impón este Pacto. As comunicacións efectuadas en virtude do presente artigo só poderán ser admitidas e analizadas se presentadas por un Estado-Signatário que teña feito unha declaración en que recoñeza, no que se refere a si próprio, a competencia do Comité. O Comité non admitirá nengunha comunicación relativa a un Estado-Signatário que non teña feito esa declaración. As comunicacións recibidas en virtude deste artigo serán efectuadas en conformidade con o seguinte procedemento:

- a) se un Estado-Signatário no presente Pacto considera que outro Estado-Signatário non cumpre as disposicións do presente Pacto, poderá presentar o asunto a atención dese Estado mediante unha comunicación escrita. Nun prazo de tres meses, a contar da data de recepción da comunicación, o Estado destinatário proporcionará ao Estado que teña enviado a comunicación, unha explicación ou calquer outra declaración por escrito que esclareza o asunto, a cal fará referencia, até onde sexa posíbel e pertinente, aos procedementos nacionais e aos recursos adoptados, en trámite ou que poden ser utilizados a ese respecto;
- b) se o asunto non se resolver de modo satisfatório para os dous Estados-Signatários interesados nun prazo de seis meses a partir da data en que o Estado destinatário teña recibido a primeira comunicación, calquer dos Estados-Signatários interesados terá dereito a submeté-lo ao Comité, mediante notificación dirixida ao Comité e ao outro Estado;
- c) o Comité tomará coñecimento do asunto que lle é submetido despois de se ter certificado que foran interpostos e esgotados nese asunto todos os recursos da xurisdición interna de que se poda dispor, de acordo con os principios do dereito internacional xeralmente admitidos. Esta regra non será aplicada cando a tramitación dos mencionados recursos se prolongar inxustificadamente;
- d) o Comité realizará as súas sesións à porta fechada cando analizar as comunicacións previstas no presente Artigo;
- e) con excepción das disposicións da Alínea c), o Comité colocará os seus bons oficios à disposición dos Estados-Signatários interesados a fin de chegar a unha solución amigável, baseada no respecto polos dereitos humanos e liberdades fundamentais recoñecidos no presente Pacto;
- f) sempre que un asunto lle sexa submetido, o Comité poderá pedir aos Estados-Signatários interesados a que se fai referencia na alínea b) que disponibilizen calquer información pertinente;

- g) os Estados-Signatários interesados a que se fai referéncia na Alínea b) terán dereito a estar representados cando se proceder à análise do asunto no Comité e a presentar exposicións verbalmente, ou por escrito, ou de ambos os modos;
- h) o Comité, dentro dos doce meses seguintes à data de recepción da notificación mencionada na Alínea b), presentará un relatório no cal:
 - 1. se tiver chegado a unha solución conforme o disposto na Alínea e), limitará-se a unha breve exposición dos feitos e da solución alcanzada;
 - 2. se non tiver chegado a unha solución conforme o disposto na alínea e), limitará-se a unha breve exposición dos feitos e anexará as exposicións escritas e as actas das exposicións verbais que teñan feito os Estados-Signatários interesados.

Para cada asunto, será enviado o relatório aos Estados-Signatários interesados.

2 - As disposicións do presente artigo entrarán en vigor cando dez Estados-Signatários no presente Pacto teñan efectuado as declaracións a que se fai referéncia no Parágrafo 1 do presente Artigo. Esas declaracións serán depositadas polos Estados-Signatários xunto do Secretario-Xeral das Nacións Unidas, que enviará cópia das mesmas aos restantes Estados-Signatários. Calquer declaración poderá ser retirada en calquer momento, mediante notificación dirixida ao Secretario-Xeral. No entanto, o feito de se retirar unha declaración non constituirá obstáculo para que se analise un asunto que sexa obxecto de unha comunicación xa transmitida en virtude deste artigo; non será admitida nengunha nova comunicación de un Estado-Signatário caso o Secretario-Xeral das Nacións Unidas teña recibido a notificación de retirada da declaración, a menos que o Estado-Signatário interesado teña efectuado unha nova declaración.

Artigo 42.º

- a) Se un asunto remetido ao Comité conforme o artigo 41.º non for resolvido de modo satisfatório para os Estados-Signatários interesados, o Comité, con o previo consentimento daqueles, poderá designar unha Comisión Especial de Conciliación (a seguir denominada a Comisión). A Comisión colocará à disposición dos Estados-Signatários interesados os seus bons oficios a fin de chegar a unha solución amigábel sobre o asunto, baseada no respecto polo presente Pacto;
- b) A Comisión estará composta por cinco persoas aceptadas polos Estados-Signatários interesados. Se decorridos tres meses, os Estados-Signatários interesados non tiveren chegado a acordo sobre a composición, no todo ou en parte, da Comisión, os membros da Comisión sobre os que non teña havido acordo serán eleitos polo Comité, de entre os seus propios membros, por votación secreta e por maioría de dous terzos.

Os membros da Comisión exercerán as súas funcións a título persoal. Non serán nacionais dos Estados-Signatários interesados, de nengun Estado que non sexa parte no presente Pacto, nen de nengun Estado-Signatário que non teña efectuado a declaración prevista no Artigo 41.º.

A Comisión elegerá o seu propio Presidente e aprobará o seu propio regulamento.

As reunións da Comisión realizarán-se normalmente na sede das Nacións Unidas ou nas instalacións das Nacións Unidas en Xenebra. Contodo, poderán realizar-se en calquer outro lugar conveniente que a Comisión acorde após consulta ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas e aos Estados-Signatarios interesados.

O secretariado previsto no Artigo 36.º prestará tamén servizos ás comisións que se crie en virtude do presente artigo.

A información recibida e estudada polo Comité será posta a disposición da Comisión e esta poderá pedir aos Estados-Signatarios interesados que disponibilicen calquer outra información pertinente.

Cando a Comisión tiver analizado o asunto en todos os seus aspectos, nun prazo non superior a doce meses despois de ter tomado coñecemento do mesmo, apresentará ao Presidente do Comité un relatório para ser transmitido aos Estados-Signatarios interesados:

- a) se a Comisión non puder completar a súa análise sobre o asunto dentro dos doce meses, o seu relatório limitará-se a unha breve exposición da situación en que se encontra a súa análise;
- b) se for alcanzada unha solución amigábel, baseada no respecto polos dereitos humanos recoñecidos no presente Pacto, o relatório da Comisión limitará-se a unha breve exposición dos feitos e da solución alcanzada;
- c) se non for alcanzada unha solución no sentido da Alínea b), o relatório da Comisión incluírá as súas conclusións sobre todas as cuestións de feito pertinentes levantadas entre os Estados-Signatarios interesados e as súas observacións acerca das posibilidades de unha solución amigábel do asunto; ese relatório conterá tamén as exposicións escritas e unha acta das exposicións orais efectuadas polos Estados-Signatarios interesados;
- d) se o relatório da Comisión for presentado en virtude da Alínea c), os Estados-Signatarios interesados notificarán ao Presidente do Comité, no prazo de tres meses despois da recepción do relatório, se aceptan ou non os termos do relatório da Comisión.

As disposicións deste artigo non afectan as funcións do Comité previstas no Artigo 41.º.

Os Estados-Signatarios interesados compartirán por igual nos gastos dos membros da Comisión, de acordo con o cálculo a efectuar polo Secretario-Xeral das Nacións Unidas.

O Secretario-Xeral das Nacións Unidas poderá sufragar, caso sexa necesario, os gastos dos membros da Comisión, antes de os Estados-Signatarios interesados reembolsaren eses gastos, conforme o Parágrafo 9º do presente Artigo.

Artigo 43.º

Os membros do Comité e os membros das comisións especiais de conciliación designados conforme o Artigo 42.º terán dereito a facilidades, privilexios e inmunidades concedidas aos especialistas que desempeñan misións para as Nacións Unidas, de acordo com o disposto nas seccións pertinentes da Convención sobre os privilexios e inmunidades das Nacións Unidas.

Artigo 44.º

As disposicións sobre a aplicación do presente Pacto serán executadas sen prexuízo dos procedimentos previstos en materia de dereitos humanos polos instrumentos constitutivos e convencións das Nacións Unidas e dos organismos especializados e non impedirán que os Estados-Signatarios recorran a outros procedimentos para resolver controversias, en conformidade con convénios internacionais xerais ou especiais vixentes entre eles.

Artigo 45.º

O Comité presentará à Asemblea Xeral das Nacións Unidas, por intermédio do Consello Económico e Social, un relatório anual sobre as súas actividades.

PARTE V

Artigo 46.º

Nengunha disposición do presente Pacto deberá ser interpretada en prexuízo das disposicións da Carta das Nacións Unidas ou das constituicións dos organismos especializados que definen as atribucións dos diversos órganos das Nacións Unidas e dos organismos especializados sobre as materias a que se refere o presente Pacto.

Artigo 47.º

Nengunha disposición do presente Pacto deberá ser interpretada en prexuízo do dereito inerente a todos os povos de gozar e utilizar plena e libremente as súas riquezas e recursos naturais.

PARTE VI

Artigo 48.º

O presente Pacto estará aberto à asinatura de todos os Estados-Membros das Nacións Unidas ou membros de calquer organismo especializado, así como de todos os Estados-Signatarios no *Estatuto do Tribunal Internacional de Xustiza* e de calquer outro Estado convidado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas a ser parte no presente Pacto.

O presente Pacto está suxeito a ratificación. Os instrumentos de ratificación serán depositados xunto do Secretario-Xeral das Nacións Unidas.

O presente Pacto ficará aberto à adhesión de calquer Estado dos mencionados no Parágrafo 1 do presente Artigo.

A adhesión será efectuada mediante depósito de un instrumento de adhesión xunto ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas.

O Secretario-Xeral das Nacións Unidas informará todos os Estados que teñan asinado o presente Pacto, ou que a el aderiran, do depósito de cada un dos instrumentos de ratificación ou de adhesión.

Artigo 49.º

O presente Pacto entrará en vigor decorridos tres meses após a data en que teña sido depositado o trixésimo quinto instrumento de ratificación ou de adhesión xunto do Secretario-Xeral das Nacións Unidas.

Para cada Estado que ratifique o presente Pacto, ou a el adira, despois de ter sido depositado o trixésimo quinto instrumento de ratificación ou de adhesión, o Pacto entrará en vigor decorridos tres meses após a data en que ese Estado teña depositado o seu instrumento de ratificación ou de adhesión.

Artigo 50.º

As disposicións do presente Pacto serán aplicáveis a todas as partes componentes dos Estados federais, sen restrición nen excepción algunha.

Artigo 51.º

Todo Estado-Signatario no presente Pacto poderá propor alteracións e depositá-las xunto do Secretario-Xeral das Nacións Unidas. O Secretario-Xeral comunicará as alteracións propostas aos Estados-Signatarios no presente Pacto, solicitando-lles que notifiquen se desexan que se convoque unha conferencia dos Estados-Signatarios con o fin de analizar as propostas e submeté-las a votación. Se polo menos um terzo dos Estados se declarar a favor de tal convocatória, o Secretario-Xeral convocará unha conferencia sob os auspicios das Nacións Unidas. Toda alteración adoptada pola maioría dos Estados presentes e votantes na conferencia será submetida à aprobación da Asemblea Xeral das Nacións Unidas.

Esas alteracións entrarán en vigor cando foren aprovadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e aceptadas por unha maioría de dous terzos dos Estados-Signatarios no presente Pacto, en conformidade con os seus respectivos procedimentos constitucionais.

Ao entraren en vigor, esas alteracións serán obrigatórias para os Estados-Signatarios que as teñan aceptado, encanto que os restantes Estados-Signatarios continuarán obrigados polas disposicións do presente Pacto e por calquer alteración anterior que teñan aceptado.

Artigo 52.º

Independentemente das notificación previstas no Parágrafo 5 do Artigo 48.º, o Secretario-Xeral das Nacións Unidas comunicará a todos os Estados mencionados no Parágrafo 1 do mesmo artigo:

- a)* as asinaturas, ratificacións e adhesións de acordo con o disposto no artigo 48.º;
- b)* a data en que entre en vigor o presente Pacto, conforme o disposto no Artigo 49º, e a data en que entren en vigor as alteracións a que se fai referéncia no Artigo 51º.

Artigo 53.º

O presente Pacto, cuxos textos en chinés, español, francés, inglés e ruso son igualmente legais, será depositado nos arquivos das Nacións Unidas.

O Secretario-Xeral das Nacións Unidas enviará cópias certificadas do presente Pacto a todos os Estados mencionados no artigo 48.º.